



MEMORIA-PROPOSTA PARA O INICIO DO PROCEDEMENTO PREVISTO NA LEI 3/2016, DO 1 DE MARZO, DE MEDIDAS EN MATERIA DE PROXECTOS PÚBLICOS DE URXENCIA OU EXCEPCIONAL INTERESE

A) ANTECEDENTES:

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, ten a intención de construír o Centro de Protonterapia de Galicia, vencellado ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, e como equipamento independente.

O Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo, conforme ao previsto na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, a provisión dos servizos e das prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos recoñecidos á cidadanía.

Segundo o Decreto 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Recursos Económicos é o órgano encargado da dirección económica e financeira e da planificación, execución e control dos programas de investimentos de obras, instalacións, servizos e subministracións, e da coordinación da xestión económico-administrativa, de compras, loxística e de servizos xerais dos centros do Servizo Galego de Saúde. En aplicación do disposto no artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Subdirección Xeral de Investimentos do Servizo Galego de Saúde informa que esta contratación responde á necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación de referencia, neste caso a toda a Comunidade Autónoma de Galicia, posibilitando a realización de tratamentos de protonterapia.

A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, conta cun plan estratéxico que define os obxectivos e actuacións a realizar ata 2020. Está estruturado en catro eixos e o cuarto "*Xestión eficiente que contribúa á sostibilidade do sistema sanitario*" está destinado ás infraestruturas adaptadas ás necesidades de pacientes e profesionais. Dentro deste, a liña estratéxica 20 aborda "*adequar as instalacións e o equipamento ás necesidades de usuarios e traballadores, coa mellora dos centros de traballo e mantemento das súas instalacións e equipos, e coa posta en marcha de novos centros asistenciais*".

O 19 de outubro de 2021, subscribiuse un convenio entre, por unha parte, o Ministerio de Sanidade e as Consellerías competentes en materia de saúde das Comunidades Autónomas do País Vasco, Cataluña, Galicia, Andalucía, Valencia, Canarias e Madrid; e por outra parte,



a Fundación Amancio Ortega Gaona, para a colaboración na implantación da Protonterapia no Sistema Nacional de Saúde (publicado no *Boletín Oficial do Estado* con data de 08.11.2021).

Entre as estipulacións do mesmo figuran, por unha parte, a asignación de equipos, e por outra, as obrigas de cada unha das partes asinantes. Ás comunidades autónomas correspóndelles, entre outras, a determinación dos centros sanitarios públicos nos que se ubicarán as súas unidades de protonterapia, a presentación do proxecto de implantación, a inversión necesaria para a instalación e posta en funcionamento; e porán os medios necesarios para a obtención de todas as licenzas e permisos necesarios para a instalación dos equipos e para a realización da obra civil necesaria previa, tratando de minimizar calquera atraso por motivos administrativos.

En cumprimento deste convenio, prevese construír un edificio con uso de equipamento sanitario na parcela do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

B) MEMORIA XUSTIFICATIVA:

I. Descrición do proxecto e marco urbanístico.

As obras necesarias para a construción do Centro de Protonterapia de Galicia recóllense nun anteproxecto, redactado por Cristina Ansede Viz a través do correspondente contrato de servizos co Servizo Galego de Saúde.

Aos efectos da posterior licitación do contrato de servizos para a redacción do proxecto de execución e do contrato das obras correspondentes, informouse favorablemente polo Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos da Dirección Xeral de Recursos Económicos e foi aprobado o 7 de decembro de 2022. Considérase que conta co grao de detalle suficiente para permitir coñecer de modo certo o carácter, extensión, localización e fins da obra proxectada. Así mesmo, inclúe todas as actuacións e obras necesarias para a implantación e funcionamento da dotación prevista.

A parcela na que se proxecta a actuación é a do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, con referencia catastral 5666941NH3456F0001EY. Está clasificada como solo urbano consolidado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela, aprobado por ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de datas 03.10.2007 (aprobación parcial condicionada) e 01.09.2008 (aprobación definitiva); e coa cualificación de sistema dotacional de Equipamento sanitario.





Inclúese no ámbito de desenvolvemento "Plan Especial de Ordenación PE9, Área do Hospital Xeral dá Choupana" (A.def. 5/08/1992). Este plan especial establece unha serie de normas xerais, entre as que se define o ámbito do plan, e unhas normas particulares para as parcelas, sendo as que nos afectan as relativas á parcela ZH-2, que abarca o Hospital Gil Casares.

Segundo se indica no anteproxecto, estas son:

- Uso: Hospitalario.
- Establécese unha área de movemento da edificación que poderá ser ocupada ata un 70% polas edificacións.
- O Plan Especial dá por esgotada a edificabilidade, e polo tanto, determina como edificabilidade máxima a xa existente.
- Non se permite a adición de plantas.
- Como elemento catalogado e protexido a súa regulación específica é a definida no art. 156 da Normativa Urbanística do Plan Xeral Municipal de Ordenación, estendéndose o grao de protección á totalidade da parcela delimitada no presente Plan Especial.
- Dentro do seu ámbito e en superficie manterase unha reserva de aparcadoiro con capacidade para un mínimo de 80 prazas.

A información do estado actual das edificacións da parcela ZH-2, segundo o anteproxecto, é a que se detalla a continuación:

- Uso: hospitalario
- Porcentaxe de ocupación en planta: 16,16% (4.644,75 m²)
- Superficie construída: 12.275,47 m²

A dotación de equipamento sanitario que se pretende implantar abarca o edificio destinado a Centro de Protonterapia de Galicia (ocupación aprox. 3.683,42m²) e o tratamento de espazos exteriores na parcela (aprox. 6.075,46m²). A nova actuación, o Centro de Protonterapia de Galicia, supón un incremento de superficie de 5.631,15m².

A altura non supera a de cornixa do Gil Casares, quedándose 2,65 m por baixo desta. A súa posición permitirá a creación dun espazo público de calidade fronte ao CHUS, permitirá crear unha dobre entrada dende ambos hospitais e manteranse as árbores de gran porte existentes para integralas nun novo espazo público, onde a natureza será a protagonista.





Interiormente, o Centro de Protonterapia de Galicia dividirase en dous niveis: un nivel de planta baixa, no que se sitúan as zonas de recepción de pacientes, tratamento, persoal e mantemento; e unha primeira planta, na que se ubica a zona de xestión e instalacións dos equipos e do edificio.

Os parámetros urbanísticos resultantes son os seguintes:

Superficie parcela	PE-9 ZH-2	Actual	Proxecto	Final	Cumprimento
Uso	sanitario	sanitario	sanitario	sanitario	cumpre
Porcentaxe ocupación	70% (aplicable a ZH-1, tómase como referencia)	16,16% (4.644,75 m ²)	12,82% (3.683,42 m ²)	28,98% (8.328,17 m ²)	cumpre
Superficie construída	Esgotada PE indica 12.800 m ²	12.275,47 m ²	5.631,15 m ²	17.906,62 m ²	NON cumpre

Como se ve na táboa, incúmrese a superficie máxima construída, polo que as actuacións previstas non son conformes co planeamento urbanístico vixente. Aínda que sería viable a súa modificación urbanística, dada a complexidade do dito procedemento considérase mais adecuado aprobar o proxecto polo procedemento establecido na Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxecto públicos de urxencia ou de excepcional interese, polas razóns que se xustifican máis adiante.

II. EXCEPCIONAL INTERESE PÚBLICO

Racionalización de recursos económicos da Administración Pública

Para o desenvolvemento da protonterapia no Sistema Nacional de Saúde, segundo se recolle no convenio asinado o 19.10.2021 que se describe nos antecedentes, previuse a incorporación de dez equipos de radioterapia de protóns situados estratexicamente en centros públicos de todo o territorio nacional para dar cobertura a todos os pacientes da sanidade pública española necesitados destes tratamentos.

A incorporación destes dez equipos vai permitir dar unha cobertura ampla tanto ás indicacións estritas actuais como ás novas indicacións e usos da protonterapia que se vaian acordando no tempo baixo o prisma da evidencia científica; vai facilitar a investigación clínica e de desenvolvemento tecnolóxico relacionada con este tipo de tratamento, e vai mellorar a accesibilidade dos/das pacientes ao tratamento, tanto a curto como a medio prazo. Trátase dunha aposta de futuro, que posicionará a España no uso da





protonterapia ao mesmo nivel que Alemaña, referente europeo no uso desta tecnoloxía.

Para a localización das unidades de protonterapia tívose en conta a distribución xeográfica e o tamaño da poboación, así como a dispoñibilidade de vías e medios de transporte adecuados de acceso ás devanditas unidades, para que se facilite a accesibilidade a toda a poboación española. Na Comunidade autónoma de Galicia acordouse implantar un equipo.

Realizouse un estudo previo ao anteproxecto para a selección da zona idónea para a súa localización, resultando deste estudo que a zona de aparcamento no lateral do Hospital Gil Casares é o mellor lugar posible dos dispoñibles na parcela, por situación, topografía e tamaño necesario. A dita localización permite obrar sen interferir na normal circulación de pacientes e persoal de ambos os hospitais, e ten un tamaño suficiente para o edificio e a previsión futura de ampliación do equipo.

O edificio colocárase nun lugar que permita crear unha dobre entrada, dende a zona do CHUS, e dende a zona de entrada ao Gil Casares, e dará a posibilidade dun dobre uso futuro, vinculado ao CHUS e como equipamento independente. Inicialmente non se conectará co CHUS interiormente, pero planifícase unha área de posible conexión futura que, ademais, posibilite tamén a conexión entre o CHUS e o Gil Casares, que non existe na actualidade.

O edificio incluírá dous búnkers, que serán capaces de albergar dous equipos de protonterapia modelo IA Proteus One (ciclotrón e gantry de tratamento), e deixará espazo para un terceiro.

Polo tanto, o novo edificio destinado á realización de tratamentos de protonterapia, permitirá dar unha cobertura sanitaria ao conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, ampliando os servizos hospitalarios e mellorando a súa xestión de maneira coordinada e integrada no Sistema Nacional de Saúde, o que repercutirá tamén na redución do gasto da Administración Autonómica, motivos que xustifican o interese público da mesma.

Maior eficiencia administrativa

No marco do plan estratéxico do Servizo Galego de Saúde, especialmente, no eixo nº 4 e liña estratéxica nº 20, abórdase adecuar as instalacións e os equipamentos sanitarios ás necesidades de pacientes e profesionais, coa mellora dos centros de traballo, mantemento das súas instalacións e equipos, e posta en marcha de novos centros asistenciais.

A dita estratexia contribúe á xestión eficiente e sostible do sistema sanitario galego.

A reorganización dos espazos e servizos hospitalarios da Xunta de Galicia constitúe unha tarefa de gran complexidade, polas propias particularidades que a definen, en comparación





con calquera outro órgano de xestión. A evolución das técnicas, equipos e formas de traballo esixen novas estruturas cun mellor deseño organizativo, para prestar un servizo de calidade. Os cambios tecnolóxicos motivan unha actuación rápida e áxil, que permita ter en conta as necesidades actuais, a coordinación coas dotacións existentes e a consideración das previsións futuras.

A actuación proposta ten en conta o marco estratéxico sanitario autonómico, integrado en compromisos de interese nacional, de cara a unha maior eficiencia na prestación dos servizos hospitalarios.

III. CARÁCTER DE URXENCIA DA ACTUACIÓN

Tal e como se indicou no apartado I desta memoria, a implantación do Centro de Protonterapia de Galicia nunha nova edificación, segundo o anteproxecto aprobado, é disconforme co planeamento vixente, aspecto xa detectado durante as primeiras fases de estudo das necesidades. Sería necesaria unha modificación do planeamento que amparara o incremento de superficie edificable, o que suporía tempos amplos de tramitación.

Para posibilitar a implantación do novo servizo hospitalario dende o punto de vista urbanístico, propónse a súa tramitación mediante o procedemento establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, para así *"dar resposta rápida e eficaz a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan polas consecuencias que tal paralización implicaría no benestar do conxunto da cidadanía galega e no crecemento social e económico da nosa Comunidade"*, dada a súa urxencia.

O artigo único punto 2 da lei establece que os proxectos promovidos por órganos de administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co plan urbanístico aplicable poderán executarse, ao abeiro desta, se se aprecian razóns de urxencia ou excepcional interese público. É por iso polo que se detallan de seguido as principais razóns polas que o proxecto ten a consideración de urxente:

- Cumprimento dos compromisos do convenio asinado o 19.10.2021 e das estratexias autonómicas nuns prazos axeitados.
- Necesidade inminente de construír un novo edificio que sirva para albergar os ditos novos servizos para tratamento de protonterapia, complementarios e necesarios para a evolución e correcto funcionamento do complexo hospitalario actual. Cómpre indicar que a resposta da prestación dos servizos á cidadanía debe de ser





eficaz, áxil e eficiente.

- Repercusión positiva na saúde e benestar da poboación do conxunto da comunidade autónoma. Dilatar no tempo a construción do novo edificio debido á tramitación urbanística dunha modificación do PXOM provoca un maior desaproveitamento dos servizos previstos e dos novos equipos a subministrar polo Ministerio.

IV. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, a xuízo desta dirección xeral, o "Proxecto do Centro de Protonterapia de Galicia (Santiago de Compostela)" reúne as características dun proxecto de excepcional interese público.

Así as cousas, á vista do anteprojecto da obra, e ante a imperiosa necesidade e urxencia de conseguir esa infraestrutura de excepcional interese para a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa súa demanda sanitaria e de acordo cos mecanismos previstos na Lei 3/2016, do 1 de marzo, dáse traslado do referido anteprojecto á Consellería de Sanidade, e solicítase o inicio do procedemento previsto no artigo único da citada lei, co obxecto da súa aprobación, ao abeiro do disposto naquela.

Xúntase a tal efecto a seguinte documentación:

- Anteprojecto do "Centro de Protonterapia de Galicia" (Santiago de Compostela).
- Informe de supervisión do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos (07.12.2022)

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora xeral de Recursos Económicos

María Jesús Piñeiro Bello

SR. CONSELLEIRO DE SANIDADE

